

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 27 DE FEBREIRO DE 2020,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS  
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 8 de marzo de 2020.
- Decreto polo que se dispón do cese como o secretario xeral da Presidencia de Álvaro Pérez López.
- Decreto polo que se dispón do cese como secretario xeral da Emigración de Antonio Rodríguez Miranda.
- Decreto polo que se dispón do cese como secretaria xeral da Igualdade de Susana López Abella.
- Decreto polo que se dispón do cese como directora xeral de Administración Local de Marta María Fernández-Tapias Núñez.
- Decreto polo que se dispón do cese como delegado territorial da Xunta na Coruña de Ovidio Rodeiro Tato.
- Decreto polo que se dispón do cese como delegado territorial da Xunta en Lugo de José Manuel Balseiro Orol.
- Decreto polo que se dispón do cese como delegada territorial da Xunta en Ourense de Marisol Díaz Mouteira.
- Decreto polo que se dispón do cese como delegado territorial da Xunta en Pontevedra de José Manuel Cores Tourís.
- Decreto polo que se dispón do cese como delegada territorial da Xunta en Vigo de Corina Porro Martínez.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Actuacións no

Camiño Portugués en Santiago de Compostela. Treito: Rúa Escurridía- Ponte Vella, de clave AC/18/024.06, no Concello de Santiago de Compostela.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Decreto polo que se dispón do cese como secretario xeral técnico da Consellería de Economía e Industria de Borja Vereza Fraiz.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Decreto polo que se dispón do cese como directora de Turismo de Galicia de María Nava Castro Domínguez.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se dispón do cese como director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias de Silvestre José Balseiros Guinarte.

## **ACORDOS**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o Manual de instrucións para as persoas que integran as mesas electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de decreto polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Arteixo para a execución das obra do proxecto denominado Condución xeral de abastecemento ao concello de Arteixo e reforzo da subministración de auga en Morás. Treito II. Conexión Vío Alto – Morás (Arteixo), por un importe de catro millóns cen mil euros (4.100.000,00€).

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de cooperación asinado o 14 de xuño de 2018 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico

entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright) para a incorporación de auxiliares de conversa para o curso 2020/21 por un importe total de catrocentos sesenta e tres mil oitocentos euros (463.800,00€).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que se declaran festas de interese turístico de Galicia a Festa dos Fachós (Castro Caldelas), a Festa da Carballeira (Zas), a Feira da Tenreira Galega (Láncara), a Romaría de Santa Marta de Ribarteme (As Neves), a Romaría do Corpiño (Lalín) e a Festa da Vendima (Leiro).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades por un importe total de trescentos vinte e un mil trescentos sesenta euros (321.360,00 €).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se aproba o Plan funcional do Living Lab de Saúde de Ourense e se pon en marcha a Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE).

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se aproba o Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2019-2021.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa para o servizo, suxeito a regulación harmonizada, de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia na Residencia pública do Carballiño. (Expediente 12/2020). Importe de licitación: seiscentos cinco mil euros (605.000,00 €). Valor estimado: cinco millóns douscentos sesenta e sete mil seiscentos corenta e catro euros con oitenta céntimos (5.267.644,80 €).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre a transformación dixital da atención social en Galicia: a Historia Social Única Electrónica (HSUE).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre Talento Novo.

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a incorporación de profesionais en atención primaria: execución da oferta pública de emprego de 2019 e do Plan galego de atención primaria 2019-2021.

## **A XUNTA DECRETA OS SERVIZOS MÍNIMOS ESENCIAIS DURANTE A FOLGA CONVOCADA PARA O DÍA 8 DE MARZO**

- ***As tres centrais sindicais que comunicaron a convocatoria de folga xeral foron a Central Unitaria de Traballadores (CUT), o Sindicato Labrego Galego e Confederación Nacional do Traballo Vigo (CNT Vigo)***
- ***Debido a que a folga se desenvolverá nun domingo este aspecto foi tido en conta para os efectos de fixar os servizos mínimos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que dita as normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o vindeiro domingo 8 de marzo, pola Central Unitaria de Traballadores (CUT), o Sindicato Labrego Galego e Confederación Nacional do Traballo CNT Vigo, que se inicia ás 00.00 horas do 8 de marzo e finaliza as 24.00 do mesmo día. Especificamente para as mulleres traballadoras do sector da prensa escrita, a folga iniciárase ás 00.00 horas do 7 de marzo, e finalizará ás 24.00 horas dese mesmo día. A CNT Vigo convoca ao eido territorial do municipio de Vigo e a súa bisbarra naquelas quendas que comecen antes das 00.00 horas, a folga terá lugar nas 24 horas seguintes.

Mediante este decreto recóllense os servizos esenciais no ámbito da Presidencia, na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza, na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, na Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, na Consellería de Economía, Emprego e Industria, na Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, na Consellería de Cultura e Turismo, na Consellería de Sanidade, na Consellería de Política Social, na Consellería do Medio Rural e na Consellería do Mar.

Cómpre salientar que, a diferenza doutros anos, só comunicaron a convocatoria de folga xeral para o próximo 8 de marzo a Central Unitaria de Traballadores (CUT), o Sindicato Labrego Galego e Confederación Nacional do Traballo Vigo. Ademais, esta desenvolverase nun domingo, aspecto este último que foi tido en conta para os efectos de fixar os servizos mínimos. No ámbito deste decreto non se atopa incluído o persoal sanitario mais si o persoal da Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG), en cumprimento da Sentenza do TSXG 415/2019, do 25 de setembro, non obstante, este persoal realiza unha negociación independente.

Desta forma, establécense servizos mínimos respecto dos sectores e actividades cuxa regulación é competencia dalgunha das consellerías da Xunta e que poden afectar o desenvolvemento ordinario da actividade cidadá.

Nos xulgados de garda, no CIAE 112 Galicia e no mantemento dos edificios administrativos fíxanse estes servizos co obxecto de garantir o correcto funcionamento das súas instalacións nas posibles situacións de emerxencia que puidesen acontecer.

No caso de Sogama, establécense tamén servizos mínimos, xa que a parada das instalacións centrais e algunhas das plantas de transferencia imposibilitaría a prestación de servizos esenciais, o que ocasionaría graves consecuencias ambientais e de saúde pública.

No sector do transporte, aínda que a xornada de folga se desenvolverá en domingo sen que haxa transporte escolar, estableceranse servizos mínimos no transporte regular de uso de viaxeiros por estrada, así como no traslado de persoas aos centros de traballo, no transporte de mercadorías e, en especial, no que se refire á totalidade dos transportes de toda clase de mercadorías para e desde os establecementos sanitarios e o transporte funerario.

No que se refire ao servizo esencial de educación, o feito de que a folga sexa un domingo sen actividade docente, fai que os servizos mínimos se limiten só aos centros educativos que asumen a responsabilidade da residencia en domingo para garantir a alimentación, o benestar e a seguridade dos usuarios.

## O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O CESE A VARIOS ALTOS CARGOS

- ***A entrada en vigor do cese será o próximo luns, 2 de marzo, data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe os decretos de cesamento de varios altos cargos do Goberno autonómico. A entrada en vigor do cese será o próximo luns, 2 de marzo, data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Os decretos recollen o cesamento do delegado territorial da Xunta en Pontevedra, José Manuel Cores Tourís; a directora de Turismo de Galicia, María Nava Castro Domínguez; o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Silvestre José Balseiros Guinarte; a directora xeral de Administración Local, Marta María Fernández-Tapias Núñez; a delegada territorial da Xunta en Vigo, Corina Porro Martínez; e o secretario xeral técnico da Consellería de Economía e Industria, Borja Vereá Fraiz;

Así mesmo, do delegado territorial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro Tato; o delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro Orol; a secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella; a delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira; o secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda; e o secretario xeral da Presidencia, Álvaro Pérez López.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A MELLORA DA ENTRADA DO CAMIÑO PORTUGUÉS EN SANTIAGO, AO SEU PASO POLA RÚA ESCURRIDÍA E A PONTE VELLA**

- *Esta intervención suporá un investimento de preto de 245.000 euros, no cal se inclúe o pagamento dos terreos necesarios para executar esta actuación en Conxo*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé licitar as obras nas vindeiras semanas e o obxectivo e telas rematadas neste ano 2020*
- *Trátase de reordenar o cruzamento da rúa da Escurridía coa da Ponte da Rocha e a rúa Volta do Castro, mellorando o tránsito e a seguridade dos peregrinos e peóns*
- *Con esta nova actuación prolongarase cara á ponte da Rocha Vella o ámbito das actuacións que se están a executar en Conxo, onde proximamente comezarán as obras do aparcadoiro en superficie no contorno do centro de saúde*
- *O Goberno galego segue avanzando na execución dos proxectos de integración das entradas dos Camiños de Santiago na cidade para potenciar a excelencia na experiencia dos peregrinos no vindeiro Ano Santo*
- *No Camiño Francés está traballándose no Monte do Gozo e no treito O Tanguero – San Lázaro, e iniciando a remodelación da avenida de Lugo e nó de Concheiros*
- *No Camiño Inglés execútanse as obras no polígono do Tambre, e está prevista a licitación en marzo do acondicionamento de aparcadoiros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar o proxecto de mellora da entrada do Camiño Portugués en Santiago, no treito entre a rúa Escurridía e a Ponte Vella, no barrio de Conxo.

O orzamento estimado desta intervención impulsada polo Goberno galego ascende a preto de 245.000 euros, no cal se inclúe o pagamento das expropiacións dos 8 predios necesarios para esta actuación.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé o levantamento de actas previas no segundo trimestre deste ano, e a licitación das obras nas vindeiras semanas. As obras contan cun prazo de execución de 3 meses e o obxectivo e telas rematadas neste ano 2020. Máis concretamente, preténdese reordenar o cruzamento da rúa da Escurridía coa rúa da Ponte da Rocha e a rúa Volta do Castro, mellorando o tránsito e a seguridade dos peregrinos e peóns.

As principais actuacións previstas inclúen a separación clara de espazos exclusivos para peóns do resto do tráfico rodado, a reordenación do cruzamento da rúa da Volta do Castro con espazos de uso mixto, e a ordenación renovada e humanización das seccións viarias existentes. Tamén, a definición de elementos como pavimentación ou mobiliario.

Ao longo de toda a actuación intentarase manter unha sección mínima de ancho suficiente para a separación do tránsito peonil do rodado. Nos casos de non ser posible nalgúns dos



treitos, seguirase o criterio de plataforma compartida, reparándose o firme pero sempre dándolle prioridade ao viandante e elevando o nivel das zonas peonís.

Nos treitos onde sexa posible, ampliarase a plataforma, permitindo xerar pequenos espazos de estadía que serán humanizados con árbores ou mobiliario urbano.

No cruzamento entre a rúa da Volta do Castro coa rúa da Ponte da Rocha manterase o trazado actual, e executarase un paso elevado en formigón para paso de peóns e peregrinos. Isto farase con ramplas no comezo e final desta zona para controlar a velocidade de circulación dos vehículos na intersección e reforzar a predominancia do peón.

Con esta nova intervención prolongarase cara á ponte da Rocha Vella o ámbito das actuacións que están xa en plena execución en Conxo e que se corresponde coas obras no núcleo de Torrente, a rúa Benéfica e a praza do Campo de Conxo. A isto engadirase o aparcadoiro en superficie situado no contorno do centro de saúde, cuxa obra está xa adjudicada e que se iniciará de xeito inminente.

### **Mellora do Camiño de Santiago de entrada á cidade**

O Goberno galego segue avanzando na execución dos proxectos de integración das entradas dos Camiños de Santiago na cidade para potenciar a excelencia na experiencia dos peregrinos no vindeiro Ano Santo

Trátase dunha das actuacións que a Xunta está a acometer para mellorar a integración do Camiño de Santiago nas entradas da cidade de Santiago de Compostela. Con ela a Xunta persegue facilitar a percepción do propio Camiño, mellorando urbanisticamente a súa contorna e a calidade de vida dos veciños, favorecendo ao mesmo tempo a mobilidade peonil sobre o tráfico rodado.

No Camiño Francés están en execución as obras no Monte do Gozo e O Tanguero–San Lázaro, iniciándose as obras de remodelación da avenida de Lugo e nó de Concheiros. A remodelación da rúa Concheiros será licitada polo concello de Santiago de Compostela.

No Camiño Inglés están a executarse as obras no polígono do Tambre e está prevista a licitación en marzo do acondicionamento de aparcadoiros.

No seguinte plano amósase a zona da intervención:



## **A XUNTA APROBA O MANUAL DE INSTRUCCIÓN PARA AS PERSOAS QUE INTEGRAN AS MESAS ELECTORAIS DOS COMICIOS DO VINDEIRO 5 DE ABRIL**

- ***O documento inclúe unha descrición detallada das distintas fases da xornada electoral, desde as 8.00 horas ata o remate do escrutinio, con instrucións precisas e concretas do labor das persoas que integran a mesa***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Manual para as persoas que integran as mesas electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020. Este manual vai dirixido ás persoas designadas por sorteo para formaren parte dunha mesa electoral nos vindeiros comicios, co fin de que se familiaricen co seu labor como membros dunha mesa e poidan desempeñar con eficacia a tarefa que lles foi asignada. Estes manuais serán remitidos pola Xunta de Galicia aos concellos antes do 7 de marzo, data en que comezarán os sorteos públicos para a designación das persoas que integrarán as mesas electorais, e que se poderán producir ata o 11 de marzo.

O primeiro apartado do manual trata sobre as mesas electorais e os seus membros, e nel explícase como e por que se designan cidadáns como membros das mesas, a composición e funcións destas, e os dereitos e obrigas dos seus membros: presidentes e vogais.

Así mesmo, inclúese unha descrición detallada das distintas fases da xornada electoral, desde as 8.00 horas ata o remate do escrutinio, con instrucións precisas e concretas do labor que deben desenvolver os membros da mesa.

A primeira fase é a constitución da mesa electoral e comprende desde as 8.00 horas, que se celebra a reunión no local electoral, ata a extensión da acta de constitución da mesa electoral ás 8.30 horas. A segunda fase é a de votación, desde a apertura do colexio electoral ás 9.00 horas ata a finalización da votación ás 20.00 horas.

Finalmente, descríbese a fase de escrutinio, na cal se realiza o recuento de votos, a extensión das actas de escrutinio e de sesión, e a preparación da documentación electoral que será entregada en Correos e no xulgado de primeira instancia ou de paz.

## **A XUNTA REMITE AO CONSELLO CONSULTIVO O REGULAMENTO DA LEI DE PROTECCIÓN DA PAISAXE CO QUE ASPIRA A SITUAR GALICIA Á VANGARDA DO PAÍS NESTE EIDO**

- ***O documento busca garantir a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe en todo o territorio e tamén será de aplicación na zona marítimo-terrestre e nas augas interiores***
- ***Só Cataluña, Andalucía, Valencia e País Vasco teñen leis específicas ou que inclúen a variable paisaxística no seu ámbito material, ben que a normativa catalá é a única cun desenvolvemento regulamentario similar ao que se prevé aquí***
- ***O texto, que desenvolve os contidos da Lei de protección da paisaxe aprobada en 2008 e algúns preceptos da Lei do solo de 2016, clarifica tamén o alcance dos informes que debe emitir o Instituto de Estudos do Territorio para outorgar maior seguridade xurídica aos procedementos administrativos***
- ***O Goberno autonómico quere dar un paso máis nas políticas de paisaxe impulsadas nos últimos anos e que contan entre os seus principais fitos coa aprobación do Catálogo das paisaxes de Galicia ou a regulación do Consello Asesor da Paisaxe***

O Consello da Xunta acordou hoxe remitir ao Consello Consultivo o proxecto de decreto polo que se aproba o Regulamento da Lei de protección da paisaxe de Galicia. Este será o último trámite antes da súa aprobación, prevista para o mes de abril e coa que o Goberno galego aspira a consolidar a posición de vangarda da comunidade en España en materia de regulación paisaxística. De feito, só outras catro rexións (Cataluña, Andalucía, Valencia e País Vasco) teñen leis específicas ou que inclúan a paisaxe no seu ámbito material e unicamente no caso catalán se aprobou o seu desenvolvemento regulamentario.

Así, o documento sobre o que deberá pronunciarse o Consultivo ten por obxecto a protección, xestión e ordenación da paisaxe en desenvolvemento do previsto na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Neste sentido, permite concretar conceptos básicos, criterios e metodoloxías relativas á materia e abordados sempre co sentido pedagóxico necesario para que a normativa dunha variable aínda pouco coñecida resulte máis eficaz.

Así mesmo e atendendo ao carácter transversal da paisaxe, como recurso patrimonial que participa nos aspectos ecolóxicos, culturais, económicos e sociais, o regulamento non só desenvolve a normativa marco galega senón que tamén regula aspectos da paisaxe recollidos na Lei do solo de Galicia.

Deste xeito, concreta os instrumentos de integración das políticas de paisaxe nas políticas territoriais e sectoriais, entre os que destacan os denominados estudos da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística e os estudos da paisaxe urbana no caso

de instrumentos de planeamento urbanístico, co fin de evitar a súa confusión con outras figuras.

Outra das novidades que incorpora o desenvolvemento regulamentario da lei é a clarificación do carácter e do alcance dos informes que debe emitir o órgano competente na materia - neste caso, o Instituto de Estudos do Territorio- para outorgar maior seguridade xurídica aos procedementos administrativos. O regulamento recolle estes informes dentro dos procedementos de avaliación de impacto ambiental de proxectos e de avaliación ambiental estratéxica, na autorización de usos en solo rústico e na tramitación dos plans xerais de ordenación municipal e dos instrumentos de ordenación do territorio.

Así mesmo, a súa aplicación estenderase non só ao territorio de Galicia senón tamén á zona marítimo-terrestre e ás augas interiores no que atinxe ás intervencións que poidan ter algunha incidencia sobre as características e os valores propios das paisaxes mariñas e das rías, atendendo á percepción destas desde as zonas terrestres.

### **Contido e regulación de instrumentos de protección**

Cómpre lembrar que a Lei de protección da paisaxe de Galicia pretendeu servir de marco de referencia para outras lexislacións sectoriais e para aqueles plans e programas que poidan influír dalgún xeito na modificación, alteración ou transformación das paisaxes, en especial cando afecten determinados espazos de alto valor natural e cultural. De feito, a paisaxe é unha variable extremadamente útil na ordenación do territorio.

En todo caso, co novo regulamento a Xunta pretende ir máis alá para garantir que o marco normativo aprobado en 2008 teña tamén unha tradución práctica. Con este fin, regulará distintos instrumentos para a protección da paisaxe de Galicia.

Entre os máis salientables cómpre mencionar a elaboración por parte do IET de Estudos para o seguimento do estado das paisaxes, así como dun informe sobre o estado da paisaxe cada catro anos; a regulación dos instrumentos esenciais para protexer e ordenar a paisaxe (catálogos da paisaxe, directrices de paisaxe e plans de acción da paisaxe); a obriga de realizar unha consulta paisaxística previa nos procedementos de avaliación de impacto ambiental e, no caso daqueles proxectos sometidos a avaliación ordinaria, un estudo de impacto e integración paisaxística; ou a xa mencionada obriga de considerar a variable paisaxística nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística co fin de que acaden a mellor integración posible e minimicen o seu posible impacto.

Por outra banda, no documento inicial que se elabore para comezar a avaliación ambiental estratéxica ordinaria dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística incluíranse o estudo da paisaxe, que deberá cumprirse nos aspectos en que o plan ou programa vulnere determinacións normativas de carácter vinculante establecidas pola lexislación ou os instrumentos reguladores en materia paisaxística.

Así mesmo, será preceptivo obter o informe favorable do IET con carácter previo á licenza urbanística ou á autorización autonómica para usos e actividades en solo rústico de especial

protección paisaxística, agás no caso de obras menores en que a normativa sectorial non o exixa expresamente.

### **Novo fito en materia paisaxística**

A Lei de protección da paisaxe de Galicia foi a resposta da Xunta á crecente sensibilidade social pola paisaxe, elevándoa a rango de lei por vez primeira na nosa comunidade. A súa entrada en vigor supuxo un importante avance no recoñecemento xurídico da paisaxe en Galicia e na posta en marcha de políticas destinadas á súa preservación, xestión e ordenación.

A paisaxe é un elemento fundamental para a calidade de vida das persoas e por iso tamén debe ser o fiel reflexo dun territorio e dun ambiente de calidade, dunha sociedade consciente da importancia do seu patrimonio natural e cultural e que se relaciona de forma harmónica co medio, facendo primar o uso racional do territorio, o aproveitamento sustentable dos seus recursos, o desenvolvemento urbanístico respectuoso e o recoñecemento das funcións principais que xogan os ecosistemas naturais.

Neste sentido, cómpre enmarcar a tramitación do futuro regulamento da paisaxe de Galicia como un fito máis das políticas nesta materia postas en marcha na comunidade durante os últimos anos. Concretamente, pódese mencionar a aprobación do Catálogo das paisaxes de Galicia, a regulación do Consello Galego da Paisaxe ou a posta en marcha da Colección Paisaxe Galega que integra varias guías de boas practicas paisaxísticas.

Do mesmo xeito tamén supuxeron logros importantes a aprobación da Lei do solo e do seu regulamento, aos que se incorporou a consideración da paisaxe, a inclusión desta variable nas Directrices de ordenación do territorio (DOT), ou a súa utilización como ferramenta de análise no Plan de ordenación do litoral (POL).

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE ARTEIXO PARA EXECUTAR AS OBRAS DE MELLORA E REFORZO DO ABASTECIMENTO ENTRE VÍO ALTO E MORÁS**

- *As actuacións, cun investimento de 4,1 millóns de euros, serán financiadas polo Concello de Arteixo e executadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade*
- *O proxecto ten como fin darlles resposta ás novas necesidades de abastecemento que ten este municipio derivadas do seu crecemento urbano e industrial*
- *A intervención garantirá a subministración de auga en calidade e cantidade a este municipio e ao polígono de Morás, entre as parroquias de Santo Estevo e Santiago*
- *Para reforzar o abastecemento prevese a execución na zona de Vío Baixo dun bombeo ata Vío Alto e a construción duns depósitos neste último punto*
- *As obras consisten na execución dunha condución de 5.120 metros, desde o novo depósito de Vío Alto ata o polígono de Morás, con dous puntos de subministración directa ao sistema de abastecemento, un en Vilarrodís e outro en Sabón*
- *Estas actuacións danlles continuidade ás proxectadas polo Concello de Arteixo e Emalcsa nun primeiro treito que inclúe un novo bombeo en Vío Baixo, un depósito de 7000 m<sup>3</sup> a carón do de Vío Alto e a impulsión que comunica ambos*

O Consello da Xunta autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Arteixo para a execución das obras de mellora do sistema de abastecemento no concello, no tramo entre Vío Alto e Morás.

As actuacións, que supoñen un investimento de 4,1 millóns de euros, serán financiadas polo Concello de Arteixo e executadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia.

Este proxecto ten como obxectivo darlles resposta ás novas necesidades de abastecemento que ten este municipio coruñés derivadas do seu crecemento urbano e industrial.

O Goberno galego, mediante esta colaboración, busca garantir a subministración de auga en calidade e cantidade aos núcleos de poboación deste municipio, así como ao polígono industrial de Morás, localizado entre as parroquias de Santo Estevo e Santiago de Arteixo.

Neste sentido, os distintos estudos realizados conclúen a necesidade de reforzar o sistema de abastecemento municipal desde a rede no contorno do polígono de Vío, que se abastece desde o encoro de Cecebre.

Para que este reforzo sexa posible, prevese a execución na zona denominada Vío Baixo dun bombeo ata Vío Alto e a construción duns depósitos de regulación neste último punto.

As obras consisten na execución dunha condución de 5.120 metros, desde o novo depósito de Vío Alto ata o polígono de Morás, con dous puntos de subministración directa ao sistema

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

municipal de abastecemento, un en Vilarrodís e outro en Sabón. Neste último inclúese tamén a conexión coa conducción de enchido do depósito do parque empresarial de Morás.

Tal e como establece o convenio, Augas de Galicia supervisará o proxecto de obra e levará a cabo a contratación da execución, dirección e xestión das obras ata completar a finalización e formalizar a entrega ao municipio.

Estas actuacións danlles continuidade ás proxectadas nun primeiro tramo polo Concello de Arteixo en colaboración con Emalcsa.

Dentro deste primeiro treito inclúese a instalación dun novo bombeo en Vío Baixo, un depósito de 7000 m<sup>3</sup> situado a carón do depósito de Vío Alto e a impulsión que comunica ambos.



## **EDUCACIÓN RENOVA O CONVENIO COA COMISIÓN FULBRIGHT, A TRAVÉS DO CAL O SISTEMA EDUCATIVO GALEGO CONTARÁ O PRÓXIMO CURSO CON 40 AUXILIARES DE ALTO PERFIL ACADÉMICO EN INGLÉS**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao acordo con este organismo***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Comisión Fulbright de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América, a través do cal o sistema educativo galego contará o próximo curso con 40 auxiliares de conversa estadounidenses de alto perfil académico.

O investimento total dedicado á contratación destes auxiliares para o curso 2020/21 ascende a 463.800 €, dos que a Consellería asume o 86% e o restante correrá por conta da Comisión Fulbright.

O obxectivo desta iniciativa é favorecer a presenza de persoas nativas de fala inglesa cun alto perfil académico nos IES plurilingües galegos, contribuíndo ao fomento das vocacións STEM (Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñarías e Informática), así como á competitividade futura do alumnado nestes eidos, nos cales o dominio da lingua inglesa é fundamental. A propia Comisión farase cargo do proceso de preparación e difusión da convocatoria e da preselección dos auxiliares de conversa, segundo os criterios de obxectividade, calidade e independencia que rexen os seus programas; e encargarse do seguimento do programa e da xestión do aboamento das compensacións mensuais ás persoas bolseiras, así como da organización dos seminarios de orientación e seminario de seguimento e evolución que se realiza para todas as persoas bolseiras Fulbright estadounidenses en España.

Esta medida enmárcase na Estratexia galega de linguas estranxeiras 2020, EDUlingüe, cuxo obxectivo fundamental é estender o plurilingüismo a todas as etapas educativas e facilitar que os alumnos e alumnas poidan acreditar o seu nivel de lingua estranxeira ao final de etapa. Ao seu abeiro, Galicia conta na actualidade cun total de 423 centros plurilingües.

## **GALICIA SUMA XA MÁIS DE 150 FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO TRAS DECLARAR A XUNTA SEIS NOVAS CELEBRACIÓNS**

- *Trátase da Romería de Santa Marta de Ribarteme nas Neves, a Festa dos Fachós en Castro Caldelas, a Romaría do Corpiño en Lalín, a Feira da Tenreira Galega en Láncara, a Festa da Vendima en Leiro e a Festa da Carballeira en Zas*
- *A partir de agora poderán acceder a axudas da Xunta que impulsan a súa promoción e contribúen a reforzar a autenticidade de Galicia como destino*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de seis novas festas de interese turístico autonómico, cunha distribución territorial que permite xerar un impacto no rural de toda a Comunidade, xa que dúas están na provincia de Pontevedra, outras dúas na de Ourense, e as dúas restantes repártense nas da Coruña e Lugo.

Grazas á decisión tomada hoxe pola Xunta, os concellos das Neves e Lalín en Pontevedra; Castro Caldelas e Leiro, en Ourense; o de Zas na Coruña e o de Láncara en Lugo poderán beneficiarse a partir de agora das axudas públicas do Goberno galego deseñadas especialmente para este tipo de celebracións, un aspecto que tamén repercutirá positivamente na súa organización e promoción.

As celebracións declaradas hoxe caracterízanse por poñer en valor diferentes tradicións especialmente vinculadas á cultura popular e aos aspectos etnográficos, así como a recursos enogastronómicos e produtos que identifican a Galicia.

Con estes novos recoñecementos, Galicia suma xa máis de 150 festas de interese turístico, tanto de tipo autonómico (131), como nacional (11) ou internacional (12). Estas celebracións xogan un papel fundamental na dinamización dos concellos do interior da Comunidade e no fomento do turismo rural, unha tipoloxía que na última década incrementou en case un 30% a súa cifra de viaxeiros, ata superar os 228.000.

### **Singularidade de cada celebración**

Na provincia de Pontevedra entran a formar parte das festas de interese turístico de Galicia a Romaría do Corpiño, en Lalín, que destaca, entre outros motivos, pola autenticidade da procesión en que a Virxe vai portada polos veciños mentres os devotos forman unha longa ringleira arredor do santuario para que a imaxe pase sobre as súas cabezas. Tamén se distingue á Romaría de Santa Marta de Ribarteme, no concello das Neves, coñecida, entre outros motivos, pola súa singularidade con cadaleitos portados en procesión que levan no seu interior os propios oferentes para solicitar a intervención por un familiar ou por si mesmos.

En Ourense, a Festa dos Fachós, en Castro Caldelas, inclúese na listaxe por motivos como os propios fachós, os feixes de palla de forma cilíndrica amarrados nuns atados feitos da mesma palla que están iluminados nunha gran procesión que percorre as rúas desta vila medieval e que remata na gran fogueira situada no adro do santuario baixo o repenique de

campás. No concello de Leiro, declárase a Festa da Vendima, co seu particular desfile de carrozas en que se recrea unha representación moi similar á vendima que se facía a comezos do século pasado. Tamén destacan os adornos dos balcóns dos veciños durante os festexos con vexetación que caracteriza a época da vendima ou o seu xantar popular.

A Festa da Carballeira, no concello de Zas, é a festa da provincia da Coruña que obtén esta distinción tras a decisión de hoxe en Consello de Xunta. Situada nun lugar natural emblemático, caracterízase por ofrecer unha rica oferta cultural con concertos de música folk nos que teñen cabida grupos galegos, nacionais e internacionais. Tamén destaca o xantar popular e o seu mercado ecolóxico e feira de artesanía.

Finalmente, en Lugo, declárase de interese turístico de Galicia a Festa da Tenreira Galega, de marcado carácter etnográfico e na que cada 1 de maio se pon en valor a carne da tenreira a través dunha degustación, así como un concurso e exposición de gando con importante afluencia de gandeiros na comarca.

### **Máis dun millón de euros de investimento**

As declaracións destas festas enmárcanse na estratexia da Xunta de potenciar a autenticidade de Galicia como destino, onde estas celebracións ocupan un lugar destacado. O Goberno galego impulsa a súa promoción e organización dun xeito especial a través de liñas de axuda específicas para estas celebracións.

No caso das festas de interese turístico como as declaradas hoxe, a Xunta ten en marcha cada ano unha liña de subvencións en concorrencia non competitiva cunha contía global superior aos 300.000 euros. Trátase dunha liña de axudas á que a partir de agora poderán concorrer as celebracións recentemente declaradas.

Para as festividades de interese turístico nacional e internacional, a Xunta apóiaas a través de convenios de colaboración de contías entre os 25.000 e os 40.000 euros, dependendo da distinción. En conxunto, só o ano pasado, a Xunta destinou máis dun millón de euros para apoiar as celebracións de interese turístico dun centenar de concellos.

Coa decisión tomada hoxe no Consello de Xunta ratifícase o acordado o pasado mes de decembro no Consello Galego de Turismo, que emitiu un informe favorable para estas declaracións, tras comprobar que cumprían todos os requisitos exixidos no decreto que as regula. Así, cumpren o indicado no Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, para a declaración de festas de interese turístico de Galicia, que establece os requisitos, os criterios de valoración, os efectos e a vixencia da declaración.

## **A XUNTA E A USC IMPULSARÁN O ESTUDO DA HISTORIA LINGÜÍSTICA E LITERARIA DE GALICIA A TRAVÉS DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO**

- ***Ambas as institucións subscribirán un convenio de colaboración para darlle continuidade neste organismo dependente da Consellería de Cultura e Turismo a 16 proxectos de investigación estratéxicos por un importe superior aos 320.000 euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade de Santiago de Compostela para a promoción e apoio á investigación no Centro Ramón Piñeiro, organismo dependente da Xunta de Galicia, cun importe superior aos 320.000 euros para os anos 2020 e 2021. O obxectivo é levar a cabo o estudo filolóxico e a conservación das fontes lingüísticas, literarias e antropolóxicas que permitan unha investigación profunda da historia literaria da Comunidade.

Para conseguilo, a Administración autonómica colaborará con profesionais que leven a cabo as tarefas de coordinación científica do centro e dirección técnica das súas áreas, así como dirección e colaboración nos proxectos de investigación que nel se desenvolvan.

Cómpre destacar que a Xunta contribuirá á difusión e divulgación dos resultados das investigacións, co fin de canalizar e proxectar os estudos resultantes, con efectos sobre o conxunto da sociedade en xeral e dos profesionais especializados en particular, nos ámbitos autonómico, nacional e internacional.

O investimento total deste convenio supera os 320.000 euros, dos que a Administración autonómica achega preto de 280.000 euros e a USC 42.000 euros. O acordo entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e terá vixencia durante os anos 2020 e 2021.

Ao abeiro deste convenio daráselles continuidade a 16 proxectos: Terminoloxía Científico-Técnica (Termigal), Base de Datos do Atlas Lingüístico Romano (ALIR), Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (Bilega), Corpus de Referencia do Galego Actual (Corga/Xiada), Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (Codolga), Dicionario Galego/Italiano-Italiano/Galego, Arquivo Galicia Medieval (Argamed), Lírica Galega Portuguesa, Prosa Literaria, Cantigas de Santa María, Bibliografía Referenciada da Literatura Galega Medieval (Birmed), Dicionarios de Literatura, Bibliografía da Literatura Galega, Informe Anual de Literatura Galega, Literatura Infantil e Xuvenil e Dimensións da Identidade Colectiva de Galicia. Todos eles son proxectos de investigación estratéxicos para garantir a utilidade da lingua galega en todos os ámbitos da vida actual e resultan de grande utilidade para outros investigadores.

### **Centro Ramón Piñeiro**

Este organismo dependente da Xunta de Galicia ocúpase de levar adiante e de difundir proxectos de investigación lingüística, literaria, histórica e antropolóxica centrados en Galicia. Actualmente, as súas liñas de traballo xiran arredor da lingüística aplicada, a

literatura medieval, a recuperación de publicacións literarias ou a identidade colectiva desde un punto de vista antropolóxico.

Desde a súa creación hai case 27 anos, pasaron polos 20 proxectos que ten en marcha o Ramón Piñeiro arredor de 500 investigadores, tanto bolseiros galegos que se formaron participando nos seus proxectos coma outros estranxeiros de estada durante un trimestre para desenvolveren traballos de investigación propios baixo o asesoramento dos seus directores. Moitos destes son hoxe doutores, profesores universitarios ou docentes no ensino medio que, desde os postos actuais, continúan a ofrecer importantes contribucións ao coñecemento sobre a lingua e a literatura galegas.

## **SANIDADE CONVOCA EMPRESAS E ENTIDADES A PARTICIPAR NO *LIVING LAB DE OURENSE*, UN PROXECTO DE INNOVACIÓN SANITARIA EN ENTORNO REAL**

- ***A participación está aberta a iniciativas de carácter innovador xa sexa en produtos/servizos, en procesos ou en modelos de negocio do sector sanitario e biomédico, así como no sector da alimentación, TIC, electrónico ou robótica***
- ***Os interesados que queiran poñer en marcha proxectos innovadores para dar resposta a necesidades de saúde terán tres meses a partir da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia para presentarse***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o acordo polo que se aproba o plan funcional do Living Lab de Ourense. O Living Lab de Ourense é un verdadeiro Laboratorio de Investigación Asistencial en Contorno Real. Está situado na unidade de hospitalización innovadora de Ourense e será un verdadeiro campo de aplicación de novas técnicas e coidados a pacientes hospitalizados.

A aprobación do Plan funcional permite tamén publicar a convocatoria neste 2020 para a selección de entidades que participarán neste proxecto. A participación está aberta a iniciativas de carácter innovador, xa sexa en produtos ou servizos, en procesos ou en modelos de negocio do sector sanitario e biomédico. Tamén outros que sexan transversais ao sector da saúde como alimentación, TIC, novos materiais e construción, electrónica ou robótica.

Con esta convocatoria faise un chamamento a entidades, universidades, centros de investigación, empresas ou calquera organismo do sector da biomedicina e a biotecnoloxía en participar neste proxecto. Os interesados que queiran poñer en marcha proxectos innovadores para dar resposta a necesidades reais detectadas no sistema de saúde terán tres meses a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* para presentarse.

Todas as iniciativas seleccionadas serán testadas no centro ourensán.

O Plan funcional do laboratorio innovador de Ourense aprobado hoxe define os factores necesarios para a posta en marcha deste modelo que segue un novo concepto de investigación centrada no paciente e apoiado na innovación. O obxectivo é xerar un espazo onde investigadores, profesionais sanitarios e pacientes cooperan para desenvolver novos procedementos asistenciais máis eficientes para a calidade de vida das persoas, tras o seu paso polo hospital, con maior autonomía e menor dependencia. Moitos profesionais e asociacións de pacientes consideran que este novo modelo de atención debe ser o camiño por onde debe evolucionar a actual hospitalización convencional.

### **Rede galega de laboratorios de innovación**

Ourense é o punto de partida idóneo para os Living Labs de saúde galegos, xa que a súa pirámide poboacional actual é a xa prevista para 2050 en toda Europa. As solucións para o envellecemento saudable que saian do Living Lab de Ourense serán un referente a nivel

internacional.

O obxectivo da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde é estender ao resto dos hospitais galegos e aos centros de saúde este mesmo modelo coa posta en marcha da Rede de Living Labs de Saúde de Galicia.

A experiencia adquirida a través deste proxecto piloto en Ourense proporcionará as directrices necesarias para desenvolver e implementar unha estratexia galega de rede de Living Labs de saúde.

## **A XUNTA APROBA O NOVO PLAN ESTRATÉXICO DE XUVENTUDE DE GALICIA, QUE CONTA CON 125 MEDIDAS PARA OS ÁMBITOS DO EMPREGO, O RURAL, A CREATIVIDADE, A FORMACIÓN, A PARTICIPACIÓN E O XACOBEO 2021**

- ***O Plan recolle, entre outras medidas, axudas de 400 euros e de 650 euros para a obtención do carné de conducir de turismo ou de camiión co fin facilitarlles ás mozas e mozos o acceso a un posto de traballo***
- ***Reforza a participación e o voluntariado xuvenil de cara ao vindeiro Ano Santo***
- ***Favorece unha maior implicación das mozas e mozos no deseño das políticas xuvenís a través de novas vías de comunicación, coma unha canle de WhatsApp ou foros territoriais***

O Consello da Xunta aprobou hoxe de xeito definitivo o Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2021, que guiará as políticas destinadas ás mozas e mozos e que ten como obxectivo converter a nosa comunidade nun lugar mellor para que a xente nova poida vivir e traballar do xeito que libremente desexe. O Plan conta con 125 medidas agrupadas en seis ámbitos prioritarios de actuación que abranguen o emprego e o emprendemento, o medio rural, o talento e a creatividade, a formación, a participación e o Xacobeo 2021.

Na súa elaboración, ademais da implicación de diferentes departamentos da Xunta, tivéronse en conta as prioridades da mocidade a través de encontros provinciais e de cuestionarios de valoración das políticas da Administración autonómica neste ámbito, que supuxeron contar coa opinión de máis dun milleiro de rapazas e rapaces.

Entre as novas iniciativas que recolle o Plan destaca, no eixo do emprego, unha nova liña de axudas por valor de 760.000 euros para a obtención do carné de conducir de tipo B (de turismo) e C (de camiión), que é un dos principais requisitos para acceder a un posto de traballo. Estímase que estas achegas beneficiarán a máis de 1500 mozas e mozos, e contarán cunha dotación económica de 400 euros para o carné tipo B e de 650 euros para o carné tipo C.

Outra das medidas que recolle esta estratexia de xuventude é a creación dunha Oficina virtual de emancipación xuvenil, que ofrecerá información e asesoramento en materia de vivenda e oportunidades laborais.

Así mesmo, este Plan aposta polo fomento da iniciativa e o talento da xente nova por dúas vías, que conforman o Programa Talento Mozo. En primeiro lugar, mediante o desenvolvemento de obradoiros e encontros protagonizados por galegas e galegos novos que destaquen nalgunha área e que poden servir de referente para guiar carreiras doutras mozas e mozos como eles. E en segundo lugar, cos premios Talento Mozo para distinguir á xente nova con éxito nas categorías de Ciencia, Rural, Deporte, Empresa e Cultura e Creación. Precisamente, a primeira edición deste certame convocouse en paralelo ao proceso final de elaboración deste plan estratéxico.



### **Voluntariado e participación**

No ámbito da acción voluntaria, o Plan consolida Galicia como a Comunidade Autónoma de referencia na organización de campos de voluntariado ao ampliar a oferta durante os meses de verán e comezar o desenvolvemento de campos fóra da época estival.

Ademais, o documento aposta polo papel protagonista da xuventude no Xacobeo 2021. Con esta finalidade, lanzarase un proxecto de voluntariado xuvenil de cara a este acontecemento, que traerá a xente nova de toda Europa.

Por último, o Plan estratéxico de xuventude inclúe varias iniciativas de participación e información xuvenil para que as mozas e mozos se impliquen de forma activa no seu deseño. A este obxectivo responde á posta en marcha dunha canle de WhatsApp para facilitar información xuvenil de interese e solucionar dúbidas, á que xa se sumaron preto de 900 persoas.

Ademais, renovarase a páxina web e lanzarase un foro de participación periódico para favorecer a achega entre os representantes públicos e a mocidade e para que esta poida trasladar as súas inxerencias sen intermediarios. E, durante o verán, a maiores dos campamentos e os campos de voluntariado, desenvolverase un programa de ocio e educación non formal por toda a xeografía galega para incrementar a participación da mocidade nestas actividades.

## **A XUNTA APROBA DUPLICAR O NÚMERO DE PRAZAS EN FUNCIONAMENTO NA RESIDENCIA DO CARBALLIÑO**

- ***O centro incrementará o seu número de prazas de 25 a 50***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a licitación do novo contrato de xestión da residencia pública de maiores do Carballiño, en Ourense, que sae a concurso ata finais deste ano coa posibilidade de que poida seguir en vigor ata 2025. Este contrato presenta unha novidade importante con respecto ao actual, que remata o vindeiro 3 de maio: dúplícanse as prazas que están en funcionamento neste centro para maiores con dependencia ao amplialas ata as 50.

Deste xeito, a Xunta reforza a atención ás persoas maiores que necesitan e demandan este tipo de servizo. O importe de licitación ata final deste ano ascende aos 605.000 euros, dos que a Xunta achegará o 80% (484.000 euros). O valor total do contrato, tendo en conta as posibles prórrogas, ascende a máis de 5,2 millóns de euros.

## **A XUNTA INCORPORA SOLUCIÓNS INNOVADORAS Á HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA PARA CONSOLIDAR A DIXITALIZACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS**

- ***A HSUE chegará aos cidadáns a través da aplicación “Asiste” e do portal eSocial***
- ***A App será o asistente social no móbil, unha canle de comunicación telemática da persoa coa súa rede familiar de coidadores e cos servizos sociais***
- ***A Xunta facilitará este servizo de xeito gratuíto a calquera persoa residente en Galicia,***
- ***eSocial permitirá aos cidadáns consultar a súa historia social e nun futuro xestionar en liña solicitudes, notificacións ou certificados***
- ***Desde a súa posta en marcha en 2016 perfeccionouse constantemente a plataforma HSUE, que facilita a xestión dixital das prestacións de dependencia, inclusión social, protección de menores ou o recoñecemento da situación de discapacidade***
- ***Preto de 700 profesionais da área social empregan esta ferramenta, que lles permite un acceso único ao expediente social dixital de 670.000 galegos***

A historia social única electrónica (HSUE) chegará este ano aos cidadáns a través da aplicación Asiste e do Portal eSocial. Coa posta en marcha destas iniciativas a Xunta quere contribuír a dar resposta ao reto demográfico desde a innovación tecnolóxica, facilitando mecanismos e redes de acompañamento e seguridade, de especial relevancia para as persoas maiores e aquelas que viven soas.

Así se recolle nun informe, elevado hoxe ao Consello da Xunta, que dá conta da evolución da iniciativa, que veñen desenvolvendo conxuntamente a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Consellería de Política Social desde 2016 para consolidar a transformación dixital dos servizos sociais.

### **HSUE no móbil**

Asiste configúrase como o asistente social no móbil, unha canle telemática de comunicación coa rede familiar de coidadores, que poderán dende o seu dispositivo establecer recordatorios na axenda da persoa, recibir alertas de localización e outras alertas e avisos, etc. A medida que se vaia perfeccionando a aplicación, permitirá tamén recibir as avisos e notificacións de procedementos ou recordatorios de citas dos servizos sociais. Para facilitar o uso da aplicación por parte de persoas maiores, Asiste contará cun asistente virtual, que a través de pictogramas e ferramentas de recoñecemento de voz facilitará a comunicación de xeito intuitivo.

A Xunta facilitará este servizo de xeito gratuíto a calquera persoa residente en Galicia, de xeito que, no momento que comece a usar o servizo, se lle abrirá unha historia social única Electrónica. Toda a información e datos xerados e contidos na historia, serán custodiados pola Administración autonómica coas debidas garantías de seguridade e confidencialidade. Nun futuro a plataforma permitirá a integración dos dispositivos con que o prestador de servizos de teleasistencia da Xunta dote os cidadáns que teñan esa prestación.

Por outra banda, este ano lanzarase tamén o Portal eSocial, que permitira o acceso do cidadán ou persoa autorizada ao expediente electrónico social e nun futuro á tramitación dixital dos procedementos administrativos, solicitudes, certificados, notificacións de prazos, etc., no ámbito dos servizos sociais.

### **Evolución da plataforma**

Preto de 700 profesionais dos servizos sociais locais e da Administración autonómica empregan a historia social única electrónica (HSUE), a plataforma que lles permite un acceso único aos expedientes dixitais de 670.000 galegos. A día de hoxe un total de 308 concellos están adheridos á plataforma, que integra nun único sistema os datos relativos a historia social do individuo e facilita a coordinación de todos os axentes implicados na prestación dos servizos sociais.

Desde o seu arranque, a Amtega e a Consellería de Política Social traballan de forma continuada na evolución e mellora da plataforma, incorporando novas funcionalidades, novos ámbitos de información e servizos. Ademais, avanzouse na integración de HSUE con outros sistemas, o que permite compartir información, ofrecendo aos traballadores do ámbito social unha visión unificada das actuacións sociais de cada cidadán, facilitándolles a elaboración de informes e a toma de decisións.

Así, a HSUE permite a interoperabilidade coa historia clínica, facilitando aos profesionais médicos implicados na avaliación da discapacidade o acceso a IANUS; e tamén cos sistemas de intermediación e orientación laboral do Sistema público de emprego de Galicia, posibilitando a solicitude de prestacións como a Risga directamente desde a plataforma de HSUE por parte dos profesionais sociais, así como a coordinación nas actuacións sociais e de orientación laboral para os beneficiarios desta renda de integración social

Ademais, HSUE tamén permite aos profesionais dispor de novas ferramentas en servizos de atención específicos coma a atención a persoas en risco de pobreza enerxética, a atención temperá de menores, ou a xestión do Servizo de Axuda no Fogar.

### **Fito no eido dos servizos sociais**

A extensión da historia social única electrónica (HSUE) supuxo un fito no eido dos servizos sociais, similar á posta en marcha da historia clínica no eido sanitario, ao integrar nun mesmo sistema os datos relevantes relativos a historia social do individuo, incluíndo a situación persoal, social e familiar; as súas demandas, prestacións, servizos e recursos, así como as valoracións, intervencións, seguimento e avaliación por parte do Sistema de servizos sociais, ademais de información referente a profesionais e a institucións e organizacións que interveñen nelas. Isto permite, con base na análise e explotación dos datos, poder desenvolver políticas de prevención e posibilitar ao cidadán o acceso a súa historia.

A plataforma proporciona unha identificación unívoca dos cidadáns e garante a seguridade no acceso á información a través do uso de certificado electrónico por parte dos

profesionais, que acceden só aos datos e información necesaria para o desenvolvemento do seu labor.

### **Plan Trabe**

O desenvolvemento da HSUE enmárcase no Plan Trabe para a modernización tecnolóxica dos servizos sociais. Dotado cun orzamento de 19,7 millóns ata o 2020, é un instrumento de apoio á planificación estratéxica desta área clave para a Comunidade, que xestiona a atención e as prestacións dun terzo da poboación.

## **GALICIA FACILITA A 5500 MOZOS E MOZAS O ACCESO AO MERCADO LABORAL A TRAVÉS DA INICIATIVA TALENTO NOVO**

- ***A Xunta destina 10M€ a impulsar o emprego xuvenil con medidas que melloran a empregabilidade, a capacitación, as aptitudes e a responsabilidade***
- ***A principal novidade é a iniciativa 'Retornando talento mozo', dirixida a mellorar a inserción no mercado laboral das persoas retornadas menores de 35 anos***
- ***Tamén se incorpora o programa 'O poder de elixir', unha experiencia piloto baseada nun formato innovador e con ferramentas tecnolóxicas para que as persoas participantes poidan adquirir as habilidades necesarias para acceder a un posto de traballo***
- ***Os menores de 30 anos forman parte dun dos colectivos prioritarios nas políticas de emprego do Goberno galego, reducindo o seu desemprego nun 20% nesta lexislatura***

A Xunta de Galicia mantén o seu compromiso co impulso ao emprego xuvenil e activa *Talento Novo*, unha iniciativa con diferentes medidas e accións en que se invisten máis de 10M€ co obxectivo de dotar os menores de 30 anos das ferramentas, axudas e coñecementos necesarios para mellorar a súa empregabilidade e capacitación para acceder ao mercado laboral. Con eles, prevese beneficiar a un total de 5500 mozos e mozas de Galicia.

Entre as medidas que se porán en marcha destaca, como novidade, o programa *Retornando talento mozo* dirixido a 1500 persoas retornadas menores de 35 anos. Cun orzamento de 1,2M€, o seu obxectivo é facilitar a inserción dos participantes no mercado laboral atendendo ás necesidades dos diferentes sectores do tecido produtivo galego - especialmente automoción, naval e forestal- localizados nas diferentes zonas do territorio galego. Ofreceranse accións formativas en competencias clave, así como para a obtención de certificados de profesionalidade de niveis 1, 2 e 3. Os programas formativos que inclúe son unha iniciativa pioneira a nivel do Estado.

Tamén se incorpora *O poder de elixir*, unha experiencia piloto baseada nun formato innovador e con ferramentas tecnolóxicas que axudarán a mudar a visión do emprego. Trátase dun programa de oito semanas no que, a través de 5 grupos de 10 persoas cada un, se reforzarán as capacidades para traballar en equipo, as habilidades de comunicación e a mellora da intelixencia social, ademais de ofrecer sesión de *coaching* individualizado para facilitar a inserción no mercado laboral. A selección dos 50 participantes realizarase, logo da inscrición, e tras cubrir un cuestionario e someterse a unha entrevista individual.

Este ano tamén se suma o novo programa de emprego para persoas mozas que estean inscritas e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil. Cun orzamento de máis de 7M€ e unha duración de 12 meses prevé chegar a 300 persoas a través de 20 programas mixtos de emprego e formación, co obxectivo de mellorar a ocupabilidade, a cualificación e a inserción profesional dos participantes. A Consellería de

Economía, Emprego e Industria realizará unha futura convocatoria de incentivos á contratación en empresas para as persoas participantes.

Tamén está aberta xa, ata o 30 de setembro, a convocatoria de Emprega Xuventude, que ofrece bonos de contratación a tempo completo cunha duración mínima inicial de 12 meses ou de carácter indefinido e que se pode complementar cun bono de formación de entre 2000 e 4000 euros. Conta cun orzamento total de 2M€ e prevese chegar a 365 beneficiarios.

Por outra parte, o programa Xeración responsable ten como beneficiario o alumnado de centros galegos da ESO, bacharelato e formación profesional aos que se achegan os conceptos de responsabilidade social e desenvolvemento sustentable para mellorar a súa visión e preparación cara ao futuro laboral.

Por último, tamén se inclúen accións no eido da economía social para promover entre os mozos e mozas esta fórmula de emprendemento e emprego, por medio de incentivos adicionais no programa Aprox Economía Social para persoas que se incorporen como socios traballadores a cooperativas xuvenís e con axudas para persoas mozas que accedan como socias traballadoras a proba. Súmanse ao certame cooperativismo no ensino e ás actividades divulgativas da Rede Eusumo.

Os menores de 30 anos forman parte dun dos colectivos prioritarios da Xunta no deseño das políticas activas de emprego que se inclúen na Axenda 20. Un colectivo que, desde o inicio da lexislatura, logrou reducir a súa cifra de desemprego nun 20%.

## **A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO SERGAS PARA 2020 PODERÍA ACADAR 3.500 PRAZAS SE O GOBERNO ESTATAL ELIMINA A TAXA DE REPOSICIÓN**

- ***Coas limitacións estatais impóñense só as vacantes xeradas por xubilacións ou falecementos e a oferta reduciríase a 973 prazas***
- ***Esta OPE 2020 trata de dar maior estabilidade laboral, cunha oferta capaz de atraer a novos profesionais, especialmente en categorías como medicina familiar e pediatría***
- ***Tamén é obxectivo do Sergas potenciar a cobertura dos postos de traballo en centros con carencias de persoal, como hospitais comarcais ou centros sanitarios illados***
- ***O Sergas xa dotou no orzamento deste 2020 a creación de 407 novas prazas que permitirán abrir novas unidades e incrementar a actividade asistencial***
- ***No marco do Plan galego de atención primaria cumpríuse o compromiso de convocar unha OPE especial para este nivel con máis de 254 prazas de médico de familia e 93 de pediatra, entre outras categorías***

A oferta pública de emprego do Servizo Galego de Saúde para 2020 podería acadar a cifra histórica de 3.500 prazas para a súa cobertura con profesionais estables no sistema sanitario público de Galicia.

Este obxectivo de plena estabilidade laboral exige que a Administración Estatal elimine a taxa de reposición de efectivos actualmente vivente. De non facelo, a oferta en Galicia para o ano 2020 cun 100% da taxa de reposición de efectivos reduciríase a unha oferta de 973 prazas. Galicia podería, coa eliminación da taxa, ofertar todas as prazas que requiren as necesidades asistenciais e non soamente as vacantes xeradas por xubilacións ou falecementos.

O Goberno galego xa vén aprobando prazas para incremento de persoal, como as 407 prazas dotadas xa no orzamento 2020 para a apertura de novas unidades e incremento de actividade asistencial.

Esta oferta 2020 trata de dar resposta ás necesidades de persoal identificadas polo Servizo Galego de Saúde, outorgando maior estabilidade laboral e fidelizando os recursos humanos, cunha oferta capaz de atraer a novos profesionais, especialmente naquelas categorías que rexistran unha maior indispoñibilidade, como a medicina familiar e pediatría. Así mesmo, preténdese potenciar a cobertura dos postos de traballo en centros con carencias de persoal, como hospitais comarcais ou centros sanitarios illados.

### **Compromiso cumprido**

O Plan galego de atención primaria adquiriu o compromiso de incrementar a oferta de emprego público do 2018 no ano 2019 nas categorías específicas de atención primaria: medicina de familia, pediatría de atención primaria, enfermería familiar e comunitaria e odontoloxía. E, pola súa incidencia na atención primaria, tamén se adoptou o compromiso de incremento nas categorías de fisioterapeuta, enfermeiro especialista en pediatría, traballador



social e persoal de servizos xerais.

O compromiso foi convocar unha OPE especial de 254 prazas de médico de familia, 93 prazas de pediatra de atención primaria, 7 de odontólogo de atención primaria, 30 prazas de enfermeiro especialista en enfermería familiar e comunitaria, 18 en enfermeiro especialista en pediatría, e 135 en persoal de servizos xerais.

Esta OPE acumulada convocouse mediante Resolución de 21 de maio de 2019, para diferentes categorías. Con base nesta convocatoria, este domingo día 1 de marzo de 2020 examinaranse os aspirantes para a cobertura de 354 prazas nas categorías de médico de familia, pediatra de atención primaria e en odontólogo de atención primaria, tal e como reflectiu o Plan galego de atención primaria.

Estas probas súmanse as que se celebrarán o sábado día 29 de febreiro na categoría de técnico en coidados auxiliares de enfermería para a cobertura de 772 prazas, e o propio domingo 1 de marzo na categoría de matrona para cubrir 89 prazas.

Tamén se engaden ás probas xa celebradas os días 8 e 9 de febreiro para a cobertura de 277 prazas nas categorías de persoal de servizos xerais, enfermeiros especialistas en enfermería familiar e comunitaria, enfermeiros especialistas en pediatría, enfermeiros especialistas en saúde mental, enfermeiros especialistas en traballo e fisioterapeutas.